



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Centro de Educación Infantil e Primaria Víctor Sáenz

San Cosme de Antes, 35
15256 Mazaricos – A Coruña
Teléfonos: 881866101//881866102
Fax: 881866103
Correo electrónico: ceip.victor.saenz@edu.xunta.es
Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvictorsaenz/>

ADAPTACIÓN DA PROGRAMA- CIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP VÍCTOR SÁENZ
CURSO: 6º E P
DATA: MAIO/2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles – páxina 3**
- 2. Avaliación e cualificación – páxina 22**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación) – páxina 23**
- 4. Información e publicidade – páxina 24**

LINGUA GALEGA	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender textos diversos.	LGB1.1.1. Comprende as ideas principais e secundarias dun texto, identificando o tema e elaborando un resumo.
B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	LGB1.2.1. Identifica en documentos audiovisuais a información relevante, e valora os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.
B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	LGB1.2.2. Usa documentos audiovisuais como medio para obter, identificar, clasificar, comparar e relacionar informacións.
B1.4. Comprender e producir textos propios.	LGB1.4.4. Participa activamente nos traballos de producións textuais.
B1.6. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen.	LGB1.6.4. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.
B1.8. Elaborar textos propios dos medios de comunicación.	LGB1.8.1. Elabora textos propios dos medios de comunicación.
B1.10. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.	LGB1.10.1. Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe activamente ao traballo en grupo.
B1.12. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	LGB1.12.1. Usa unha linguaxe non sexista e respectuosa coas diferenzas.
B1.13. Recoñecer e valorar as diferenzas dialectais orais da lingua galega.	LGB1.13.2. Valora as diferenzas dialectais orais da lingua galega como un símbolo de riqueza lingüística e cultural.
B1.14. Identificar a lingua galega con calquera contexto de uso oral.	LGB1.14.1. Identifica a lingua galega con calquera contexto profesional oral: sanidade, Administración, xustiza, educación, medios de comunicación...
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dobres sentidos.	LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dobres sentidos.	LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dobres sentidos.	LGB2.1.7. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.
B2.2. Interpretar e comprender a información procedente de gráficos, esquemas e ilustracións.	LGB2.2.1. Interpreta e comprende a información de gráficos, esquemas, mapas conceptuais e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña.
B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto e resumir o seu contido.	LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto e o resumo dun texto.
B2.4. Utilizar estratexias para mellorar a lectura.	LGB2.4.2. Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión integral, cando é preciso.

B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto.	LGB2.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto.
B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto.	LGB2.5.3. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.
B2.7. Ler textos de diversa tipoloxía.	LGB2.7.2. Le textos de diversa tipoloxía.
B2.8. Usar as bibliotecas virtuais con certa autonomía, comprendendo como se organiza e colaborando no seu coidado e mellora.	LGB2.8.3. Usa as bibliotecas virtuais, para obter datos e informacións, con certa autonomía.
B2.10. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	LGB2.10.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.
B2.11. Amosar autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	LGB2.11.1. Amosa autonomía lectora e capacidade de seleccionar textos do seu interese.
B2.11. Amosar autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	LGB2.11.2. Expressa opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.
B2.12. Analizar textos escritos en diferentes variedades da lingua galega.	LGB2.12.1. Percibe as diferenzas lingüísticas presentes nas variedades da lingua galega.
B2.12. Analizar textos escritos en diferentes variedades da lingua galega.	LGB2.12.2. Valora a variedade interna da lingua como símbolo de riqueza lingüística e cultural.
B3.1. Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os enunciados.
B3.1. Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.3. Respecta as regras de puntuación no texto.
B3.1. Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.4. Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa unha linguaxe non sexista.
B3.1. Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.5. Revisa e reescribe o texto cando é preciso.
B3.2. Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións diferentes.	LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos variados: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas...
B3.2. Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións diferentes.	LGB3.2.4. Escribe textos coherentes e cohesivos, usando o rexistro adecuado.
B3.2. Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións diferentes.	LGB3.2.5. Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.
B3.4. Elaborar textos breves con creatividade.	LGB3.4.1. Expressa nos seus textos de maneira imaxinativa ideas, sentimentos e/ou emocións; narra accións e presenta personaxes, obxectos e/ou lugares: carteis, cómics, contos, poemas, cancións...
B3.5. Usar de maneira autónoma as TIC para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.	LGB3.5.1. Usa as TIC na procura de información ou para consultar o dicionario.

B3.5. Usar de maneira autónoma as TIC para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.	LGB3.5.2. Emprega procesadores de textos de maneira autónoma.
B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.	LGB3.7.1. Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte.
B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.	LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.2. Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos.
B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LGB4.2.1. Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica, así como as demais normas ortográficas, e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.	LGB4.3.1. Emprega con corrección os signos de puntuación.
B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.	LGB4.3.2. Usa unha sintaxe adecuada nas súas producións.
B4.4. Recoñecer e empregar axeitadamente os conectores, así como outros elementos de cohesión.	LGB4.4.1. Usa axeitadamente diversos conectores entre oracións: causa, consecuencia, finalidade, contradición, condición...
B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.	LGB4.7.1. Usa axeitadamente o dicionario para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto.
B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.	LGB4.7.2. Recoñece e crea palabras derivadas (prefixación e sufixación) e compostas.
B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.	LGB4.7.3. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas, arcaísmos, neoloxismos, estranxeirismos, frases feitas, siglas e abreviaturas.
B4.9. Establecer relacións entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega.	LGB4.9.1. Recoñece e evita as interferencias entre as linguas que está a aprender.
B4.9. Establecer relacións entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega.	LGB4.9.2. Identifica diferenzas, regularidades e semellanzas sintácticas, ortográficas, morfolóxicas e léxicas entre todas as linguas que coñece e/ou está a aprender, como punto de apoio para a súa aprendizaxe.
B5.1. escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral.	LGB5.1.1. escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refrás, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, cancións, ditos, romances, cantigas) e da literatura galega en xeral.
B5.1. escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral.	LGB5.1.2. Valora os textos da literatura galega (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.

B5.2. Ler textos e obras en galego da literatura infantil en diferentes soportes.	LGB5.2.1. Le obras e textos en galego da literatura infantil en diferentes soportes.
B5.3. Analizar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas e tópicos recorrentes.	LGB5.3.1. Recoñece as características fundamentais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.
B5.4. Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos dados.	LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas.
B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.	LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.
B5.7. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.	LGB5.7.1. Compara imaxes, símbolos e mitos sinxelos doutras culturas cos da cultura galega, amosando interese e respecto.
B5.7. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.	LGB5.7.2. Aмосa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.

LINGUA CASTELÁ	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala nas producións propias.	CB1.1.1. Emprega recursos lingüísticos e non lingüísticos para comunicarse nas interaccións orais, recoñecendo o valor complementario e modificador destes.
B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala nas producións propias.	LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume axeitados.
B1.3. Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario axeitado e estrutura coherente.	LCB1.3.1. Expresa as súas propias ideas comprensiblemente, substituíndo elementos básicos do modelo dado. LCB1.3.2. Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situacións de comunicación: - diálogos -exposicións orais seguindo modelos e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e comunicación. LCB1.3.3. Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.
B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de palabras a partir do seu contexto de uso	LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes
B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais, e identificar ideas ou valores non explícitos accesibles á súa idade	LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión interpretativa. LCB1.5.4. Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situación de aprendizaxe individual ou colectivo.
B1.9. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias de outras persoas.	LCB1.9.3. Realiza entrevistas e reportaxes sobre temas de interese, seguindo modelos.
B2.1. Ler, en voz alta e en silencio, diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada.	LCB2.1.1. Le en voz alta diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada. LCB2.1.2. Lee en silencio coa velocidade LCB2.1.4. Resume textos lidos de diferente tipoloxía e adecuados a súa idade, reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.
B2.2. Utilizar as estratexias de control do proceso lector (anticipación do significado, formulación de hipóteses, uso do dicionario, relectura).	LCB2.2.5. Relaciona a información contida nos gráficos e ilustracións e a relaciona coa información que aparece no texto.
B2.3. Ler por propia iniciativa e con diferentes finalidades textos de tipoloxía diversa.	LCB2.3.1. Programa de xeito autónomo un tempo semanal para ler diferentes textos. CB2.3.2. Le voluntariamente en función

	dos seus gustos e finalidade persoal.
B2.4. Utilizar diferentes fontes e soportes para seleccionar e recoller información, ampliar coñecementos e aplicalos en traballos persoais.	LCB2.4.1. Consulta na biblioteca diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático para obter información para realizar traballos individuais ou en grupo. LCB2.4. 4. Selecciona lecturas con criterio persoal e manifesta a súa opinión sobre os textos lidos.
B2.5. Mostra interese por manter unha biblioteca propia.	LCB2.5.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.
B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, con coherencia, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, a orde e a presentación.	LCB3.1.2. Escribe textos organizando as ideas con cohesión básica e respectando as normas gramaticais e ortográficas. LCB3.1.3. Escribe, de forma creativa, diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero.
B3.2. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.
B3.4. Utilizar de xeito autónomo o dicionario.	LCB3.4.1. Utiliza habitualmente o dicionario, en diferentes soportes, no proceso de escritura.
B3.5. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas do área.	LCB3.5.2. Elabora con creatividade textos do seu interese: contos, anuncios, rimas, cancións, cómics, carteis... facendo ilustracións e buscando imaxes dixitais para facilitar a súa comprensión ou mellorar a súa presentación.
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.3. Diferencia familias de palabras.
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	LCB4.2.1. Coñece, reconece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos, homófonos, frases feitas na súa expresión oral e escrita. LCB4.2.2. Recoñece palabras compostas, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas. LCB4.2.4. Utiliza diversos conectores básicos entre oracións nos textos orais e escritos.
B4.3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	LCB4.3.1. Coñece a estrutura do dicionario e úsao, en diferentes soportes para buscar o significado de calquera palabra (derivados, sinónimos etc.).
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.4.2. Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita. LCB4.4.5. Aplica as normas do uso da til nos textos de elaboración propia.
B4.6. Valorar a variedade lingüística de España e do español como fonte de enriquecemento cultural. Mostrar respecto tanto cara ás linguas e dialectos que se falan en España, como cara ao español de América.	LCB4.6.1. Valora a variedade lingüística de España e o español de América.
B5.3. Coñecer e valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas.	LCB5.4.1. Crea sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados.
B5.7. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal	LCB5.7.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

MATEMÁTICAS	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Describir e analizar situacións de cambio para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións.	MTB1.1.1. Realiza predicións sobre os resultados esperados, utilizando os patróns e leis encontrados, analizando a súa idoneidade e os erros que se producen.
B1.2. Realizar e presentar informes sinxelos sobre o desenvolvemento, resultados e conclusións obtidas no proceso de investigación.	MTB1.2.1. Elabora informes sobre o proceso de investigación realizado, expoñendo as fases do mesmo, valorando os resultados e as conclusións obtidas.
B1.3. Planificar e controlar as fases do método de traballo científico en situacións apropiadas ao seu nivel.	MTB1.3.1. Elabora conxecturas e busca argumentos que as validen ou as refuten, en situacións a resolver, en contextos numéricos, xeométricos ou funcionais.
B1.4. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	MTB1.4.1. Propón a resolución de retos e problemas coa precisión, co esmero e co interese apropiado ao nivel educativo e a dificultade da situación. MTB1.4.2. Desenvolve e aplica estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios) para crear e investigar conxecturas e construír e defender argumentos.
B1.5. Superar bloqueos e inseguridades ante resolución de situacións descoñecidas.	MTB1.5.2. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas, conxecturas e construír e defender argumentos.
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).	MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións. MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. MTB2.2.2. Utiliza os números negativos en contextos reais.
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.1. Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes MTB2.3.2. Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima. MTB2.3.3. Ordena fraccións aplicando á relación entre fracción e número decimal.
B2.4. Utilizar as propiedades das operacións, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se usan segundo a	MTB2.4.1. Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 10.

natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación e calculadora).	
B2.5. Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.	MTB2.5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións. MTB2.5.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas. MTB2.5.3. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias.
B2.6. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado	MTB2.6.1. Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10. MTB2.6.2. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número. MTB2.6.3. Realiza operacións con números decimais. MTB2.6.4. Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese.
B2.7. Iniciarse no uso das porcentaxes e a proporcionalidade directa para interpretar e intercambiar información e resolver problemas en contextos da vida cotiá.	MTB2.7.1. Calcula e utiliza as porcentaxes dunha cantidade para expresar partes. MTB2.7.2. Establece a correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes. MTB2.7.3. Calcula aumentos e diminucións porcentuais.
B2.8. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	MTB2.8.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións). MTB2.8.2. Descompón de forma aditiva e de forma aditivo- multiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras. MTB2.8.8. Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100. MTB2.8.9. Calcula o mcm e o mcd. MTB2.8.10. Descompón números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras. MTB2.8.12. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.
B2.9. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.9.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construindo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.
B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais... comunicando a información.	MTB5.1.1. Identifica datos cualitativos e cuantitativos en situacións familiares.
B5.2. Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.	MTB5.2.3. Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas. MTB5.2.4. Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas

CIENCIAS DA NATUREZA	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e establecer algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde.	CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.
B2.2. Coñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, coidados, etc.	CNB2.2.1. Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.
B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións.	CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles
B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.	CNB3.2.1. Identifica as características e clasifica os seres vivos. Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos. Outros reinos.

CIENCIAS SOCIAIS	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1.Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).	CSB1.1.1.Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao proceso seguido e o comunica oralmente e/ou por escrito.
B1.2.Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos sobre Ciencias sociais.	CSB1.2.1.Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.
B1.3.Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.	CSB1.3.1.Emprega con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados.
B1.4.Realizar traballos e presentacións que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, amosando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo.	CSB1.4.1.Realiza traballos e presentacións que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.
B1.9.Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras.	CSB1.9.1.Amosa actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que o fan activo ante as circunstancias que lle rodean. CSB1.9.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
